## E PARA ADULTOS

**"Afirma Pereira"**
Autor: A. Tabucchi
Ed.: Galaxia



Pereira, un modesto xornalista
na Lisboa de 1938, enfronta a irrupción da historia e das súas esixencias na súa vida tranquila, apraciblemente gris.

**"Últimas pasiones del caballero Almafiera"**




Autor: J. Eslava Galán
Editorial: Planeta

Cunha linguaxe ironicamente trovadoresca, o autor desprega aventuras, barbarie e humor nesta novela sobre as andanzas dun cabaleiro aventureiro en plena Idade Media.

**"El enredo de la bolsa y la vida"**
Autor: Eduardo Mendoza
Editorial: Seix Barral




O detective tolo de E. Mendoza nunha xenial sátira sobre a Europa de hoxe en día.



**Recordade que á maioría destes libros podedes botarlles unha ollada na MESA DE NOVIDADES.**

**FELICES VACACIÓNS!!!**

# CEIP O RAMO
# BIBLIOTECA
## ESTE VERÁN CASCABEL RECOMENDA PARA EDUCACIÓN INFANTIL

Se á praia vas

un libro levarás.




http://biblioramo.blogspot.com
Colabora:Departamento de DL.

**Un can e un gato**




Autora: P. Carbonell

Editorial: OQO

Un can e un gato coñecéronse e non se entenderon. Esta sinxela historia de relación axuda a proxectar situacións conflictivas na mente dos nenos e comparalas con outras experiencias emocionais.

**Os petos de Loreto**




Autor. Quentin Blake

Editorial: Kalandraka

A señora Loreto ten unha chea de petos.Que gardará no seu interior? Un relato rimado, rebordante de colorido, sobre un divertido personaxe que atesoura os obxectos máis inimaxinables.

**A viaxe de Olaf**




Autor: M. León Barreto

Editorial : Kalandraka

(IV Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados 2011)

O protagonista é unha sorte de Principiño que, farto da soidade, emprende un camiño e diversos animais fantásticos vanlle facendo compaña.

**Amora**




Autor: Anxos Garabana

Editorial: Kalandraka

Este é un conto popular de estrutura acumulativa, un relato concatenado que serve para ser contado... e cantado.

**O que ten que aprender un cempés que queira ser sabio como Perico**




Autora: M. Carrión

Editorial: Embora

Perico estaba nervioso porque ía ir á escola por primeira vez. Ao cantar o galo, saltou da cama e, un por un, calzou os cen zapatos e púxose todo o demais. Pero...chegou tan tarde que xa se foran todos.




**Que leria de cordóns!**

Autora: Daniela Kulot

Editorial: Faktoría K

Mamá xa está na casa e trae para Laura un agasallo. Que bonitos! Uns zapatos vermellos. Pero... teñen cordóns!